

O Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía

O Concello de Ribeira atópase arestora realizando o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES), cumprindo cos compromisos adquiridos coa adhesión o pasado ano ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía. Cóntase, para a elaboración deste proxecto, co apoio financeiro da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

Que é o Pacto dos Alcaldes?

O Pacto dos Alcaldes iniciouse no 2008 en Europa co obxectivo de acadar a participación e dar apoio aos alcaldes comprometidos a alcanzar os obxectivos en materia de clima e enerxía da UE.



No 2014 a Comisión Europea lanzou a iniciativa Alcaldes pola Adaptación, iniciativa irmá que se basea nos mesmos principios có Pacto dos Alcaldes e se centraba na adaptación ao cambio climático. Alcaldes pola Adaptación invitaba aos gobernos locais a demostraren o seu liderado na adaptación e apoiábaos no desenvolvemento e implantación da estratexias de adaptación locais.

O 15 de outubro de 2015 ámbalas dúas iniciativas fusionáronse oficialmente, dando lugar á nova iniciativa, o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía. O alcance desta iniciativa é máis ambicioso: as cidades asinantes comprométese a dar soporte de forma activa ao cumprimento do obxectivo da UE de redución dos Gases de Efecto Invernadoiro (GEI) nun 40% para 2030. Acórdase ademais na devandita iniciativa a adopción dun enfoque que integre a mitigación do cambio climático e a adaptación a este, ademais de garantir o acceso a unha enerxía segura, sustentable e asequible para todos.

Actualmente inclúe máis de 7000 autoridades locais e rexionais de 57 países que de forma voluntaria se comprometen a implantar os obxectivos en materia de clima e enerxía da UE, e aproveitan os puntos fortes dun movemento que involucra a múltiples actores e conta con apoio técnico e metodolóxico de oficinas especializadas.

Compromisos

Os asinantes do Pacto comparten unha visión común para 2050: acelerar a descarbonización dos seus territorios, fortalecer a súa capacidade de adaptación aos impactos ineludibles do cambio climático e lograr que os seus cidadáns teñan acceso a unha enerxía segura, sostible e asequible.

Con eses obxectivos estratéxicos a longo prazo como base, o Concello de Ribeira está levando á práctica o seu compromiso político coa redacción do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía (PACES), no que se esbozarán as accións clave que se tiveren previsto acometer. O PACES incluirá:

- Inventario de Emisións de Referencia (IER), no cal se determinará a contía das emisións GEI no municipio nun ano de referencia, para logo poder facer un seguimento da efectividade das accións de mitigación propostas.
- Avaliación de riscos e vulnerabilidades climáticas do municipio.
- Plan de acción de mitigación e adaptación.

Unha vez aprobado o PACES, farase cada dous anos un seguimento da implantación do Plan para así comprobar a eficacia das medidas adoptadas no cumprimento dos compromisos asinados.



Unión Europea

Fondo Europeo
de Desarrollo Regional
“Una manera de hacer Europa”

